

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 08/07/2017.

Concelleiros presentes:

D. Secundino García Casal.
D^a Sabela Iñiguez Cinza.
D. Manuel Varela Mecías.
D^a María Amparo Calvo González.
D. Jesús Manuel Soto Vivero.
D. Manuel Beceiro Couce.
D^a Ana Belén Breijo Gundín.
D. Manuel Romero Castrillón.

Concelleiros ausentes:

D^a María Belén Trigo Meizoso.
D. Eduardo Lourido Doval.
D^a Cristina Calvo Tuimil.

Secretaria en funcións:

D^a Mónica Cibreiro Caneiro.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e un minutos do día oito de xullo de dous mil dezasete, comparecen os Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza da devandita Secretaria en funcións, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde en cumprimento do establecido no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e no Regulamento Orgánico deste Concello.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día seis de maio do presente ano dous mil dezasete. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus oito membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

SEGUNDO. TOMA DE POSESIÓN DA CONCELLEIRA ELECTA CRISTINA CALVO TUIMIL.

Non estando presente a Concelleira electa, que foi convocada para a presente sesión, non resulta posible a súa toma de posesión, que se incluírá taménna Orde do Día da vindeira sesión plenaria que se celebre, polo que o Sr. Alcalde ordea pasar ó debate do seguinte punto da Orde do Día, o que seguidamente se fai.

TERCEIRO. TOMA DE RAZÓN DA RENUNCIA DO CONCELLEIRO EDUARDO LOURIDO DOVAL.

Dase conta da presentación no rexistro de documentos do Concello de escrito asinado polo concelleiro Eduardo Lourido Doval, o día 01/06/17. Nese escrito, o Sr. Lourido formalizaba a renuncia voluntaria ó cargo que ocupa neste Concello desde que tomou posesión do cargo de Concelleiro o día 13/06/15, tras las elecciones de maio de 2015. A renuncia non será efectiva ata o seu sometemento ó Pleno do Concello, é decir, ata a data de hoxe.

En cumprimento do indicado nos artigos 9.4 do Real Decreto 2568/1986, de 26 de novembro, polo que se aprueba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e 182 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, a Corporación queda enterada e toma coñecemento da renuncia ó cargo de Concelleiro deste Concello de San Sadurniño que realiza Eduardo Lourido Doval, e dispón que se comunique este acordo á Xunta Electoral Central para que remita as credenciales de Yolanda Vázquez Pazos, seguinte na lista das persoas que concorreron ás últimas eleccións municipais polo Partido dos Socialistas de Galicia - PSOE, para que poida tomar posesión do seu cargo coa brevidade posible.

CUARTO. RATIFICACIÓN E TOMA DE RAZÓN DE ACORDOS E RESOLUCIÓN S.

Dase conta dos decretos emitidos desde a última sesión ordinaria, dos que xa se deu conta á Xunta de Goberno e que figuran nas actas desa Xunta, que xa obran en poder dos membros da corporación.

A Corporación queda enterada do contido deses decretos ou resolucións.

QUINTO. ELECCIÓN DE XUIZ DE PAZ SUSTITUTO.

Dase conta do expediente iniciado para a elección de xuíz de paz sustituto, en cumprimento do solicitado desde o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, por estar próximo o vencemento do periodo de catro anos polo que se nomeou á actual. Presentáronse tres candidaturas para ocupar este posto. O asunto debe ser acordado pola maioría absoluta do número legal de membros da Corporación e, no caso de que o Concello non adopte acordo ó respecto, sería o referido Tribunal Superior quen designaría ó Xuíz de Paz.

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi ditaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos oito membros presentes do Pleno do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Alcalde toma a palabra para indicar que as tres solicitantes presentan méritos similares, e que falouse antes co portavoz do grupo popular e deses tres o que primeiro presentou e Francisco Rodríguez Sixto, e unha persoa de San Sadurniño, vive ó lado, as outras dúas persoas cumpren os requisitos pero non son de San Sadurniño, polo que optamos por proponden a elección de Francisco Rodríguez Sixto, porque foi o primeiro que se presentou e cumpre os requisitos exactamente igual que os outros dous, e entendemos que mais lóxico era elixir unha persoa incluso mais próxima físicamente á Casa Consistorial.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus oito membros presentes, acorda elixir como Xuiz de Paz sustituto deste Concello a Francisco Rodríguez Sixto, e ordear a notificación do contido do presente acordo a todas as persoas que formularon solicitude de participación no procedemento de elección, e a remisión de copia completa do expediente ó Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ós efectos oportunos.

SEXTO. MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á DECLARACIÓN DE APOIO Á LOITA CONTRA A PRAGA DA AVESPIÑA DO CASTIÑEIRO.

Dase conta do contido da moción presentada polo BNG con data do 28/06/17, que o Sr. Soto resume brevemente e que literalmente di o seguinte:

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi ditaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos oito membros presentes do Pleno do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Varela engade que recentemente hai unos anuncios da Xunta no que este ano hai unha inversión e falan de unha solta de 130.000 individuos, con coste 300.000 euros e no 2018 falan de 1.600.000 individuos e con 2 millóns e pico de orzamento. Isto o sábado pasada houbo una xuntanza aquí en San Sadurniño de produtores e viveiristas que están preocupados e teñen pesando crear unha plataforma e incluso ante estes avances da Xunta creen que son insuficientes. Entón eles falan de que se faga, solta masiva, porque eles consideran que se estamos rodeados de países donde están facendo a solta non ten moito sentido que aquí estén facendo soltas controladas para ver como evolucinan se dentro de tres días as de Portugal chegan aquí.

Interven de seguido o Sr. Romero, para dicir que no seu grupo están de acordo con todos estes puntos que expón o BNG, pero tamén hai que dicir que se están levando a cabo estas actuacións, e por suposto que apoian a defensa do sector da castaña e a loita contra a praga da avespiña. Nas medidas que solicitan, no punto número dous, no apartado a) no referente ó seguimento da Praga dende o ano 2014 estase levando a cabo ese seguimento onde se veu a sua propagación na gran maioría nas provincias de Lugo e Ourense. No apartado b) onde piden investigación, tamén se está a facer un estudio exhaustivo sobre o impacto que poiden ter estas soltas masivas que están pedindo, e que ata finais do ano que ven non se podera concluir xa que o factor tempo e determinante para este estudo. En canto o da solta no ano 2015 se soltaron 1.500 individuos, no 2016. 66.500 o ano pasado, e neste ano 133.000 e para ano 2018 está previsto ese 1.600.000 que di o Sr. Varela. Con estas soltas tamén se está comprobando que estas poboacións unha vez instaladas permanecen e crecen, entón tenas que solicitar o Ministerio, e así ven ocorriendo dende o 2015. En canto o punto de incremento de medios, queda claro que duplicando a soltas do ano pasado, este ano e mais multiplicando por dez para o ano que ven, pois hai un aumento de medios, e no ultimo punto donde di o establecemento de canles de participación directa no sector tamen esta o Consello Forestal, pois creo que xa hai suficientes organizacións para controlar no Consello Forestal para o seguimento desta praga. Nosoutros imonos abster que vemos

que a Xunta está levando a cabo este seguimento desta praga e con autorización que dan dende o Ministerio.

O Sr. Varela interven novamente para comentar que o problema e que faise pero non o suficiente e temos exemplos como o da pataca, pero temos o tema igual que o da vespa asiática, tamen se estaban facendo medidas, se estaba facendo control cando entrou, entraba polo Norte polo sur e estamos invadidos por todos os sitios, por tanto o que se fixo non foi suficiente, podemos participar que o que hai que aceptar tamén as opinións dos que están nos sectores do que lle din a Xunta, e concretamente ó Ministerio, e a cuestión a día de hoxe, a Xunta non consegue, porque o Ministerio non o fai, non acepta esa solta masiva, polo tando estamos ante medidas que se están tomando, e non suficientes, falabas do 2014 que e cando entra a avespiña e xa está inundada Galicia. Non sei que se fixo, o que está claro e que como o caso da velutina foi a mesma historia, algo claro que facíase, faltaría máis que non se fixera, pero o resultado e o que hai.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de sete votos favorables, dos concelleiros do BNG, cunha abstención, do concelleiro presente do PP, acorda aprobar a moción de que se trata.

SÉTIMO. MOCIÓN DO BNG RELATIVA AO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2017-2018.

Dase conta do contido da moción presentada polo BNG con data do 28/06/17, que o Sr. Soto resume brevemente e que literalmente di o seguinte:

“MOCIÓN SOBRE O PLAN DE MELLORA DOS CAMIÑOS RURAIS

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno, relativa ao Plan marco de mellora dos camiños rurais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellaría do Medio Rural vén de comunicar aos concellos as previsións de investimento a través do denominado “Plan marco de mellora dos camiños rurais” para o período 2017-2018.

Segundo a información trasladada á FEGAMP desde a propia Consellaría, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, dito Plan conta cunha dotación de 15.998.673 euros para dito período de dous anos, a distribuír entre os concellos do país.

A dotación consignada supón unha redución importante na dotación de recursos para levar adiante, en colaboración cos concellos, investimentos necesarios no medio rural de Galiza.

Así, fronte ao antecedente inmediato, o Plan marco de mellora de camiños rurais para 2016, que contaba cunha dotación para un ano de 19.998.100 de euros, redúcense os fondos dispoñíbeis en máis dun 60 por 100. A Consellaría do Medio Rural recorta a asignación indicativa de 13 euros por habitante de 2016, ao pasar agora a 10 euros por habitante para o período bianual, isto é, 5 euros por habitante e ano.

Esta redución deixa ás claras que o medio rural, os investimentos para a súa mellora e desenvolvemento non son a prioridade do Goberno do Partido Popular en Galiza, pois relega investimentos destinados a actuacións que inciden directamente na mellora dos equipamentos e infraestruturas no medio rural, que potencian directamente a base produtiva do agro galego. Dese xeito, con esta política de diminución dos fondos achegados aos concellos para a investimentos no rural, o Partido Popular rexeita manter o necesario esforzo na dotación de fondos públicos para dignificar e mellorar a calidade de vida

das persoas que viven no medio rural no noso país e que ademais contribúen a corraxir os desequilibrios territoriais e a fixar poboación no rural.

Esta evolución negativa de fondos para o rural está inserida no desleixo que o Goberno da Xunta de Galiza amosa polo sector agrario no seu conxunto. As consecuencias desa falta de atención polas políticas rurais xa se denunciaron cando o Goberno presidido por Feijoo aceptou un notábel recorte nos fondos do Programa de Desenvolvemento Rural 2014-2020 de Galiza, que conta cunha dotación económica un 20 por 100 inferior ao orzamento inicial do Programa do período precedente 2007-2013.

As comunicacións realizadas aos concellos coa asignación concreta desvendan a propaganda do Goberno galego, pois a dotación para cada ente local reflicte unha mingua de fondos que en moitos casos terán que presentar proxectos despezados, obras menores, investimentos aillados que non responden a unha estratexia para desenvolver o medio rural galego no camiño de contribuír a frear a actual tendencia.

Por todo iso, o Grupo do BNG, presenta a seguinte moción para o seu debate polo Pleno da Corporación: O Pleno do Concello de San Sadurniño acorda:

1º. Instar ao Goberno Galego a:

a) Incrementar a dotación do Plan marco de camiños rurais cos concellos.

b) Dotar dito Plan dun orzamento plurianual, que asegure investimentos de xeito sostido e progresivo en colaboración cos concellos.

2º. Trasladar este acordo ao Presidente do Goberno Galego”.

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi ditaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos oito membros presentes do Pleno do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

Toma a palabra o Sr. Romero, para dicir que o Medio rural é unha prioridade para a Xunta de Galicia, e non como vostedes din, un dos obxetivos e a fixación da poboación no rural, polo que se precisan actuacións de xeren crecemento económico e melloren a calidade de vida. Por todo isto a Xunta ten elaborado o Plan de fixación de poboación no Medio Rural cun presuposto de 231 millóns de euros a través de seis eixos:

- A cohesión territorial, que está dotado de 72 millóns de euros co obxectivo de intervir en 650 km da rede viaria rural nos próximos seis anos.
- Innovación e formación 10,3 millón de euros
- Agricultura sostible 35,3 millón de euros
- Melloras de competitividade 41 millón de euros
- Renovacións Xeracionais 65 millón
- Fomento de cooperación 7 millóns

En canto o Plan Marco, que vostedes citan aquí de camiños do 2017-2018, temos que dicir que unas boas infraestruturas rurais son fundamentais para a mellora da competitividade das nosas explotacións, e para a vida diaria no rural.

O Plan de camiños xestionouse no 2016 a través da medida 4.3, destinada a infraestruturas rurais, que a días de hoxe está practicamente esgotada, por iso para o ano 2107 decideuse centrar o esforzo inversor do FEADER de seguir avanzando nas concentracións parcelarias vivas, que son tan importantes tamén para o rural galego e que tamén se financian a través desta medida polo que

para seguir millorando as nosas infraestruturas rurais deste Plan, a conselleria do Medio os obterá a través de fondos propios, dos 20 millón que mencionan do ano pasado a Xunta aportaba 3,5 millóns, un 15% con fondos propios, e agora pasa a aportar 8 millóns no ano 2017 e 8 millóns no ano 2018, sendo o 100% de fondos propios, exceptuando o ano 2016 todos os plans foron bianuais, xa que deste xeito os Concellos poden facer as suas adxudicacións e obras e sobre todo a consecucións dos permisos necesarios, en moitos dos casos (patrimonio, augas, etc...) con tempo suficiente, facilitando así a xestión ós Concellos incluso podendo solicitar o anticipo da anualidade, por iso nos imos votar en contra.

Interven de seguido o Sr. Soto, indicando que xustificar en que executan plans anuais para que de tempo ós concellos a facer os trámites correspondentes, pois paréceme unha xustificación bastante pobre, esa argumentación que che mandan de Santiago, se é a mellor que pode sacar o Partido Popular para xustificar que realmente esta tampouco vai ser a lexislatura do Medio Rural, pois e unha xustificación pobre, e dicir un Concello como San Sadurniño ó que trasfiren 65.000 euros para dous anos para facer un proxecto, e a Xunta de Galicia di que nolo permite facer en dous anos para que nos permita ter tempo suficiente para as tramitacións correspondentes pois xa está todo dito. O POS da Deputación da Coruña son para este Concello 620.000 euros nun ano, e as tramitacións correspondentes levanse a cabo nun par de meses, a Xunta de Galicia estanos dicindo que nos da 65.000 euros para levar a cabo un proxecto bianual, que se vai executar en dous anos, e que realmente nolo permite dese xeito para que teñamos tempo para tramitar o correspondente, eche o que hai e non hai moito mais. Temos que dicir que este e un Plan que naceu no seu día en base a un convenio entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Agricultura porque había un grupo no parlamento que era o BNG que no seu día levou a cabo unha negociación cón grupo parlamentario do Partido Socialista que gobernada o Sr. Rodriguez Zapatero, e unha negociación pola cal o BNG accedeu a dar un apoio positivo ós orzamentos do estado en base a unha serie de consideracións beneficiosas para Galicia, unha desas consideracións era que había que articular un plan de infraestruturas necesario para o noso país e donde dentro dese plan entraba tamén este plan Marco para camiños rurais, ese plan naceu daquela con unas consignacións orzamentarias moito máis amplias das que están tendo agora, e verdade que daquela o estado consignaba unhas cartos e a Xunta tiña que consignar a parte que lle correspondía, a día de hoxe, en base os recortes presupuestarios, a raíz de toda a crise económica, o estado deixou de participar na parte que lle correspondía, e é verdade que a Xunta que seguir participando na parte que lle corresponde e tamén facendo uso dos fondos FEADER que son fondos europeos, iso significou que o plan co paso dos anos fora consignando unha cantidade de recursos moito máis pequena e que realmente está incidindo dunha forma bastante negativa para os Concellos do medio rural. Nos recordamos dende o Concello proxectos bianuais que superaban os 200.000 euros e agora falamos de que a participación de San Sadurniño neste Plan vai ser de 64.000 euros, e donde o Concello ten que aportar o IVA correspondente porque non e financiado polo Plan, enton eu podería dar datos dos correspondentes anos das cantidades que correspondían no computo global a Galicia e no ámbito particular a San Sadurniño, pero por non casar a xente tampouco se trata de dar os datos de todos estes últimos 8 anos de vixencia do plan, pero e verdade que eses datos o que demostran e que non e verdade que esta é a lexislatura do medio rural, a Xunta gasta máis cartos en anunciar que vai ser a lexislatura do medio rural que realmente e facer investimentos para que sexa a lexislatura do medio rural, enton neste sentido nos non podemos máis que levar a cabo accións reivindicativas e seguir demandando que este país ten un

problema grave co noso rural, e estase deshabitando dun xeito progresivo e cada vez dun xeito mais amplo.

Hay datos e estudos incluso sacados pola propia Xunta de que en 30-40 anos o medio rural pode perder o 30-40% da súa poboación, iso vai significar de Galicia dentro de 30-40-50 anos Galicia poida perder o 10-15% da sua poboación, é un problema moito máis grave do que nos pensamos, e é un problema que non se vai solucionar levando a cabo campañas mediáticas financiadas dun xeito nauseabundo e sen embargo non levan a cabo medidas concretas que vaian paliar os problemas que van incidir no medio rural os próximos anos. E un problema que temos neste país e que nos dende o BNG vamos seguir demandando que realmente se faga menos publicidade con ese tema e se levan a cabo medidas máis concretas que son necesarias para que ese problema se amañe.

Fala de seguido o Sr. Alcalde, para engadir duas cousas moi brevemente, unha que me parece cando menos sorprendente cando un grupo municipal de calquera cor política, é lexítimo discrepar da exposición de motivos, pero que non teña agallas suficientes para demandarlle á Xunta de Galicia con todos os respetos, dous acordos que son moi concretos e non din absolutamente nada que non poida ser asumido por calquera persoa independentemente da súa afiliación política e din concretamente "incrementar a dotación Plan Marco de camiños rurais dos Concellos" eu penso que calquera persoa que vive no medio rural seña da organización política que seña está a favor de que se incremente esa dotación e o B) dotar dito Plan dun orzamento plurianual que asegure investimentos de xeito sostido e progresivo en colaboración cos Concellos, eu penso que calquera persoa sexa da organización política que sexa estaría dacordo, outra cousa e discrepar da análise previa da exposición de motivos, que fixo o portavoz do BNG, porque o portavoz do PP falou aquí do argumentario que lle mandaron, que bueno falar do plan de fixación de poboación do medio rural con 200 millóns e todo isto en cinco eixos, evidentemente non ten moito éxito ese plan, non debe cumprir para nada os obxetivos polo tanto o mellor estanse tirando eses 200 millóns de euros. Estas son medidas concretas, medidas importantes para os Concellos rurais, nos concellos rurais o financiamento e un mal endémico, un dos servizos que máis recursos públicos máis absorbe e o mantemento da rede de camiños municipais que costou moito facelo, foi a propia xente a que os fixo inicialmente, e costa moito sostelos, polo tanto este Plan era un Plan que axudaba moito ós concellos a poder manter esa rede viaria nun estado de conservación óptima. Se se segue recortando faise cada vez máis difícil o mantemento desa rede viaria, e por último recordar o portavoz do PP que este e o mesmo Plan que decían o ano pasado no pleno que se aventurou a dicir que o perdéramos, pero bueno non o perdemos nin o ano pasado nin o vamos perder este ano.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de sete votos favorables, dos concelleiros do BNG, cun voto contrario, do concelleiro presente do PP, acorda aprobar a moción de que se trata.

NOVENO. ROGOS E PREGUNTAS.

Interven o Sr. Romero, para formular a seguinte pregunta: Vendo os obxetivos publicados nas bases do viveiro de empresas e co 100% agora mesmo xa ocupado, de todas estas empresas para vostedes, cantas cumpren todos estos obxetivos e que porcentaxe de emprendedores hay?

Respóstanlle o Sr. Alcalde o seguinte: Pregaría que leras o regulamento orgánico de funcionamento para que as preguntas que queiras que se che contesten con algo de rigor pois as

podidas facer por escrito 24 horas de antelación e permitiríasmee a min ver o expediente, así de primeiras evidentemente todas as empresas que se asentaron no centro municipal de empresas cumpren os requisitos das bases, porque se non as cumpriran non poderían estar no centro municipal de empresas, evidentemente nin o alcalde nin os concelleiros son os que comprobán, se tes constancia de que alguna empresa non cumpre isto aino que dicir, porque se alguna empresa non cumpre iso, pois teremos que dicir ós servizos municipais do concello que fan as valoracións, que non fixeron a valoración ben feita. En canto a emprendedores, o termo emprendemento e un termo moi xenérico, polo tanto todos os que están ahí son emprendedores, emprenderon unha nova actividade, entendo que todos agás Correos, que nas propias bases estaba previsto a utilización por parte de entes públicos de espazos, que por certo pagan.

O Sr. Romero resposta que entón por exemplo Correos, darlle ahí un hueco a Correos, vostedes creen que están favorecendo ou perxudicando o noso pobo porque está competindo con precios baixos nestes locais que pagamos todos nos?

O Sr. Alcalde resposta: a primeira puntualización e que a Correos non se lle deu ningún local, e a segunda puntualización que o goberno municipal evidentemente o que ten que facer e gobernar e tratar de dar solucións a xente, probablemente se non houbera un espazo público que ofertarlle a Correos e Correos aceptara e Correos pola instalación, por deixar eses servizos aquí, probablemente estaríamos falando de que Correos en estes momentos estaría en Somozas, en Moeche ou noutro Concello. O Concello non anda quitándolle clientes a ningunha empresa particular, a ningún arrendatario particular. Un dos problemas que ten San Sadurniño, e a falta de espazos onde montar negocios, e dicir se correos liberou un espazo, pois hay un espazo máis no mercado, que en San Sadurniño fai moita falta espazos onde montar negocios, porque e un dos problemas que hay, o concello non ten que estar mirando se unha persoa se enriquece máis ou menos alugando o seus espazos.

Fixemos o que tiñamos que facer, garantimos que Correos vai seguir aquí, estase negociando a ampliación de cartas de servizos que se presta, e Correos paga. Recordoche que cando gobernaba o PP, correos estaba nun espazo municipal donde non pagaba. Ben deixado, naquel momento creo que o concello fixo o que tiña que facer, favorecer que unha entidade como Correos tivera un espazo en San Sadurniño.

O Sr. Romero pregunta de seguido, en referencia ó PXOM, seguimos así, recibiron algún informe de patrimonio, de augas por parte da Xunta?

O Sr. Alcalde respota que si, recibimos o de Patrimonio, hay que facer unhas correccións, recibímolos fai un mes, mes e pico, fai unha serie de observacións, como era de esperar que o de patrimonio fixera algunhas observacións, porque sería incluso insólito o caso de que un informe de patrimonio a un documento aprobado inicialmente pois non fixera ningunha observación, enton sería que rozaba a perfección e non creo que ningún estudio roce a perfección. Falta o de augas de Galicia, falei coa directora xeral de urbanismo, iba falar ella mais co presidente de augas de Galicia e comprometeronse a axilizar o informe.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e vintenove minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,